

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación SGAE convoca as axudas á creación musical SGAE GALICIA CREATIVA

A Fundación SGAE convoca tres (3) axudas á creación para a promoción de novos artistas músicos e creadores de Galicia que se encadren dentro dunha ou varias das modalidades, estilos ou xéneros musicais Pop-Rock, Jazz e Tradicional-Folk. O obxectivo que se persegue con esta convocatoria é que cada axuda facilite a gravación, proxección exterior e promoción do repertorio SGAE entre os autores/artistas emerxentes galegos de cada un destes tres xéneros musicais mencionados.

As axudas consistirán en varias actividades a desenvolver:

1. A gravación, mesturado e masterización íntegra dun disco de seis temas musicais como máximo e por cada xénero musical e grupo, e cuxa autoría dos temas pertenza a autores socios de SGAE, que necesariamente deberán estar rexistrados na mesma SGAE. A devandita gravación, mesturado e masterización levarase a cabo no estudo que SGAE ten en Santiago de Compostela.
2. A prestación do servizo de asesoramento en produción discográfica (se os gañadores finalistas a demandan) por parte da Fundación SGAE.
3. Presentación aos medios de comunicación, en Santiago de Compostela, das producións discográficas realizadas por aqueles grupos ou cantautores/solistas que resultasen gañadores finalistas.
4. Xira de tres (3) concertos en varias cidades de Galicia e un (1) na cidade de Madrid.

BASES CONVOCATORIA

1.- Solicitantes e requisitos:

1ª- Poderán participar no concurso todos aqueles cantautores/solistas ou grupos de música que integren un máximo de 10 membros que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que se encadren dentro dunha ou varias modalidades, estilos ou xéneros musicais entre Pop-Rock, Jazz e Tradicional-Folk. Un mesmo grupo ou cantautor/solista solicitante poderase autocalificar na solicitude nun ou máis modalidades, estilos ou xéneros musicais a elixir entre Pop-Rock, Jazz e Tradicional-Folk. Non obstante, a participación final tanto nas audicións coma nos concertos será nun único xénero musical, o cal será determinado polo xurado.

2ª- Para os efectos destas bases entenderase que os solicitantes ou membros do grupo desenvolven a súa actividade en Galicia sobre a base do cumprimento dalgunha das seguintes condicións: Constar no DNI nacemento ou domicilio nun concello galego.

- Presentar tarxeta de residente no territorio galego manifestando por escrito estar empadroado nun concello galego para a súa posterior comprobación.
- Acreditación do centro educativo ou empresa do concello galego onde estude ou traballe.

3ª- Todas as obras musicais incluídas na maqueta e do disco que se gravará deberán estar rexistradas na SGAE.

4ª- Os solicitantes non poderán ter:

- Ningún disco editado anteriormente á data de presentación da solicitude.
- Ningunha relación contractual permanente ou ocasional con empresas discográficas.

2.- Solicitude e documentación

2.1.- As solicitudes de inscrición presentaranse, xunto á documentación esixida detallada no punto 2.2 das presentes bases, ben por vía electrónica a través do sistema *online* habilitado para tal efecto na páxina web da Fundación SGAE, www.fundacionsgae.org, cumprindo o formulario normalizado facilitado por Fundación SGAE na súa páxina web xunto con estas bases, polo propio cantautor/solista ou o representante colectivo do grupo musical (artigo 111 do RDL 1/1992, do 12 de abril, polo que se aproba o TRLPI). Ou ben poderán ser entregadas en persoa ou por correo certificado, baixo o epígrafe "AXUDAS Á CREAMIÓN MUSICAL SGAE GALICIA CREATIVA 2015", na Sede de Fundación SGAE de Santiago de Compostela (Cale Salvadas n.º 2 A, Parque Vista Alegre).

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 25 de xullo de 2015 ata o 15 de setembro de 2015 ás 00:00 horas.

Calquera información complementaria relacionada coas **AXUDAS Á CREAMIÓN MUSICAL SGAE GALICIA CREATIVA 2015** poderá consultarse no correo electrónico do Dpto. actividades: pblanco@fundacionsgae.org.

Un mesmo grupo musical ou cantautor/solista solicitante poderá presentar a solicitude clasificándose nunha ou máis modalidades, estilos ou xéneros musicais a elixir entre Pop-Rock, Jazz e Tradicional-Folk.

2.2.- Cada grupo musical ou cantautor/solista deberá entregar a solicitude de inscrición no prazo indicado xunto con toda a documentación esixida nas devanditas bases e que a continuación se detalla:

- Boletín de inscrición debidamente cuberto.
 - Relación das obras rexistradas en SGAE que se vaian utilizar xunto cos nomes dos seus autores.
 - Fotocopia do DNI ou tarxeta de residente polas dúas caras de cada un dos compoñentes.
 - En caso de presentar tarxeta de residente ou de non constar no DNI nacemento ou domicilio nun concello galego deberá presentar o certificado de empadramento nun municipio galego, ou ben, acreditación do centro educativo ou empresa do municipio galego onde estude ou traballe.
 - No caso de que o participante sexa menor de idade, autorización da nai/pai ou titor/ora legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada.
 - Fotografía recente do grupo musical ou cantautor/solista.
 - Curriculum coa traxectoria musical do cantautor/solista ou grupo musical, ou dos seus compoñentes.
 - Maqueta en disco compacto que inclúa dous temas orixinais, en letra e música, rexistrados na SGAE e gravados polo grupo musical ou polo cantautor/solista, ou ben temas pertencentes ao repertorio SGAE.
- Declaración responsable na que quede constancia de que o grupo musical ou cantautor/solista non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa discográfica e de que tampouco editara un disco anteriormente á presentación da solicitude.

3.- Desenvolvemento

- Unha vez o Xurado seleccione aos gañadores provisionais, como mínimo a dous participantes por modalidade, logo de audición das maquetas presentadas, desenvolverase unha primeira fase de actuación en directo nunha audición por cada modalidade, estilo ou xénero musical, a celebrar durante tres días entre o 25 de setembro e o 15 de outubro de 2015 na Sede de Fundación SGAE na cidade de Santiago de Compostela onde interpretarán como mínimo, os dous temas presentados na maqueta entregada na solicitude, máis dous temas de libre elección.
- As audicións serán privadas, non abertas ao público en xeral, xa que o público asistente soamente estará configurado polo xurado, e servirá para mostrar a capacidade do grupo musical ou do cantautor/solista para actuar en directo e para resolver e seleccionar, entre os gañadores provisionais, un grupo musical ou cantautor/solista gañador finalista por cada modalidade.
- Finalizadas as audicións dos grupos musicais ou do cantautor/solista e resolta a selección dos gañadores finalistas por parte do xurado, comunicarase publicamente aos gañadores finalistas, no prazo máximo dunha semana, a decisión do xurado sobre as concesións das axudas establecidas nesta convocatoria.
- Unha vez sexan seleccionados e comunicados os gañadores finalistas das axudas continuarase coa segunda fase consistente na gravación, mesturado e masterización íntegra dun disco, que conteña 6 temas cuxa autoría pertenza a

autores socios de SGAE, e á súa vez facilitaráselles asesoramento en produción discográfica, sempre e cando os seleccionados gañadores finalistas o demanden.

- O devandito disco será gravado, mesturado e masterizado integramente no estudo da SGAE en Santiago de Compostela, cun máximo de 6 temas e 50 horas por grupo musical ou cantautor/solista.

- O traballo de gravación mesturado e masterización comezará na segunda quincena de outubro e terá como límite máximo de finalización o 30 de decembro do 2015. De non terse realizado neste período de tempo, os premiados perderán a axuda concedida.

Presentación aos medios de comunicación, en Santiago de Compostela, das producións discográficas realizadas por aqueles grupos ou cantautores/solistas que resultasen seleccionados como gañadores finalistas. Durante o primeiro trimestre do 2016.

- Como terceira fase ou final da convocatoria, cada grupo musical ou cantautor/solista que resulte gañador finalista en cada modalidade, estilo ou xénero musical, daráselle a posibilidade, e estes acéptana, de realizar unha xira de tres (3) concertos a levar a cabo en diversas cidades de Galicia e un (1) concerto en Madrid capital. Durante o primeiro semestre de 2106

4.- Puntuación e Baremos

1.- Composición ou arranxo das obras presentadas na maqueta ata 5 puntos.

2.- Calidade da interpretación en directo ata 5 puntos.

3.- Uso do idioma galego ata 5 puntos.

5.- Xurado e resolución

O xurado das AXUDAS Á CREACIÓN MUSICAL SGAE GALICIA CREATIVA 2015 estará composto polos membros do colexio de Pequeno Dereito do Consello Territorial de SGAE Galicia, asesorados por aqueles expertos que estimen necesarios, e se é o caso, por representantes das entidades colaboradoras. O fallo do Xurado será público e inapelable. A súa composición darase a coñecer no momento de emitir o fallo. A participación supón a plena aceptación da decisión do xurado.

Unha vez revisada a documentación entregada coa solicitude de inscrición, a Fundación SGAE publicará, con efecto de notificación, nun prazo aproximado de 15 días a contar dende a finalización do período de inscrición estipulado na páxina web da Fundación SGAE e na páxina web de SGAE:

- Relación dos solicitantes aceptados para participar no proceso de selección.
- Se é o caso, relación de solicitantes excluídos por incumprimento dalgún dos requisitos, con indicación destes.
- Concederese un prazo de cinco días naturais, a contar dende o seguinte á publicación da lista, para a emenda das posibles incidencias. Transcorrido o devandito prazo procederese á publicación da lista definitiva de solicitantes admitidos.

O xurado, unha vez recibidas as solicitudes que cumpran os requisitos de presentación, primeiro de todo decidirá en que xénero, modalidade ou estilo musical enmarcar cada grupo musical ou cantautor/solista solicitante de cara á selección, sempre e cando o mesmo solicitante se clasifique dentro de varios xéneros musicais. Posteriormente, logo da audición das maquetas presentadas, seleccionará como gañadores provisionais a un mínimo a dous grupos musicais ou cantautores/solistas por modalidade, estilo ou xénero musical co fin de que realicen os concertos en directo ante o xurado como público.

No caso de que as solicitudes presentadas non obteñan unha valoración suficiente, as devanditas axudas poderán declararse desertas e en ningún caso poderán ser compartidas.

Finalizadas as audicións dos grupos musicais ou do cantautor/solista e resolta a selección dos gañadores finalistas por parte do xurado, comunicarase publicamente aos gañadores finalistas, no prazo máximo dunha semana, sendo a data límite o 15 de outubro, a decisión do xurado sobre as concesións das axudas establecidas nesta convocatoria.

6.- Normas xerais

- Para os efectos destas bases entenderase como gañador finalista, por un lado, aos cantautores/solistas que resultasen seleccionados nas audicións en cada modalidade, estilo ou xénero musical para levar a cabo as actividades reflectidas nos puntos 1, 2 e 3 do 2º parágrafo da exposición de motivos das presentes bases, que á súa vez actuarán no seu propio nome e dereito á hora de subscribir o convenio de concesión da axuda. E por outro lado, tamén se entenderá como gañador finalista aos grupos musicais que resultasen seleccionados nas audicións en cada modalidade, estilo ou xénero musical, para levar a cabo as mesmas actividades expostas no presente parágrafo, e estes á súa vez estarán representados, á hora de subscribir o convenio de concesión de axuda, polo compoñente do grupo musical que sexa designado por todos os artistas-intérpretes membros deste como representante colectivo, tal e como esixe o artigo 111 do Real Decreto-Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o TRLPI.

- Todos os participantes nesta convocatoria autorizan á organización a reproducir o seu nome completo, temas, a súa imaxe en calquera actividade publicitaria ou promocional relacionada con estas axudas.

- Unha vez seleccionados os gañadores finalistas, cada un deles, terá a posibilidade de realizar unha xira de tres (3) concertos en varias cidades de Galicia, recibindo de Fundación SGAE unha cantidade de cincocentos euros (500 €), impostos incluídos, por actuación cada gañador finalista, en concepto de gastos de desprazamento e honorarios e outro concerto na cidade de Madrid, recibindo de Fundación SGAE, unha cantidade de oitocentos euros (800 €), impostos incluídos, por actuación cada gañador finalista, en concepto de gastos de desprazamento e honorarios.

- O aboamento das devanditas cantidades realizarao Fundación SGAE, mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada un dos gañadores finalistas, unha vez subscrito o convenio correspondente con cada un deles e unha vez reciba

Fundación SGAE o documento de cobramento legalmente admitido en dereito que reúna todo os requisitos esixibles pola normativa legal vixente.

- As cantidades entregadas nestas axudas de convocatoria aberta quedarán sometidas á correspondente retención en concepto do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme á normativa vixente, si fóra o caso.

- Os gañadores finalistas axustaranse ás datas de gravación do disco, indicadas pola Fundación SGAE nas presentes bases, que tratará de adaptarse ás necesidades dos mencionados gañadores.

- Os gañadores finalistas asumen a responsabilidade e compromiso de respectar os horarios e datas fixadas para a gravación. De non ser así perderán os dereitos á axuda concedida.

- A organización poñerá a disposición dos gañadores finalistas o equipamento técnico da sala; as necesidades adicionais serán por conta do propio gañador finalista. Cada gañador finalista faise responsable de que tanto el como os seus representados, en caso de grupo musical, traten correctamente o equipamento técnico que lle proporcione a organización. Os equipos técnicos da Sala postos a disposición dos gañadores finalistas especificarase como documento Anexo I ao convenio de concesión de axuda que subscribirá o gañador finalista coa Fundación SGAE.

- A organización poñerá o máximo interese no coidado dos materiais recibidos por parte dos solicitantes, pero declina toda responsabilidade sobre danos ocasionados accidentalmente. O solicitante que presente as súas obras eximirá á organización de toda responsabilidade fronte a calquera reclamación de terceiros derivada do exercicio dos dereitos de propiedade intelectual sobre as obras obxecto da presente convocatoria.

-Unha vez realizada a gravación, mestura e masterización do disco, de cada un dos gañadores finalistas procederase á fabricación dos exemplares sen mediar transmisión de dereitos de distribución entres as partes, reservándose cada gañador finalista todos os dereitos exclusivos de propiedade intelectual sobre o máster.

- Os gañadores finalistas están obrigados a participar en todas e cada unha das fases descritas no punto 3 do presente documento. A non participación nalgunha das tres fases sinaladas entenderase como un incumprimento da participación na convocatoria dando lugar a que Fundación SGAE poida reclamar os danos e prexuízos que se deriven do devandito incumprimento.

7.- Formalización da colaboración.

A Fundación SGAE e o gañador finalista subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas no presente documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización das actuacións.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pagamento.

5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

O convenio será formalizado co gañador finalista, que debe cumprir co exposto no punto 2.1 e no primeiro parágrafo do punto 6 das presentes bases.

8.- Protección de datos e confidencialidade

Todos os datos persoais que as partes subministren na xestión das axudas teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións establecidas pola lexislación vixente. Os datos, que voluntariamente faciliten, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, que se notificará ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención do Director Xeral, cale Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación dende o momento en que se produza.